



Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2023-2024

- Cursos de especialización

Acceso ás prazas vacantes



Índice

1	Introdución.....	3
2	Acceso e admisión nos cursos de especialización que dispoñan de prazas vacantes.....	3
3	Procedemento de matrícula en cursos de especialización con prazas vacantes.....	5

1 Introducción

O 22 de xullo foi publicado no BOE o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional. Un dos aspectos regulados son os criterios de acceso do alumnado aos cursos de especialización naqueles casos nos que se dispoña de prazas vacantes.

2 Acceso e admisión aos cursos de especialización que dispoñan de prazas vacantes

Nos artigos 120, 121 e 122 do Real decreto 659/2023 modifícanse os criterios de acceso do alumnado aos cursos de especialización naqueles casos nos que se dispoña de prazas vacantes.

Así, nos cursos de especialización de grao medio que dispoñan de prazas vacantes poderanse matricular persoas que non posúan algunha das titulacións de técnico requiridas no real decreto polo que se establece cada unha destas ensinanzas. O número máximo de persoas que se poden matricular nestas circunstancias ven limitado polo 20% das prazas que se oferten en cada ensinanza. Polo tanto, **para un grupo de vinte prazas o número de persoas que poden ser admitidas nestas circunstancias é de catro (4).**

No caso de cursos de especialización de grao superior que dispoñan de prazas vacantes, o Real decreto 659/2023 non establece un número máximo de prazas que poidan ser ocupadas por persoas que non dispoñan dalgunha das titulacións de técnico superior requiridas con carácter xeral para o acceso a estas ensinanzas indicadas no reais decretos polos que se establece cada unha delas. En consecuencia, con independencia do número de prazas ofertadas (20 en presencial ou 30 na modalidade semipresencial ou a distancia), **non hai un número limitado de persoas que poden ser admitidas nestas circunstancias.**

Polo tanto, naqueles cursos de especialización que tras a finalización do proceso de adxudicación de prazas contén con prazas dispoñibles, é posible a incorporación de persoas que non contén coas titulacións requiridas con carácter xeral. Nestes casos, o procedemento regúlase no apartado 3 do artigo 120 do Real decreto 659/2023 para os cursos de especialización de grao medio, e no apartado 2 do artigo 121 para os cursos de especialización de grao superior.

” Artigo 120. Acceso e admisión a cursos de especialización de **grao medio**.

1. Para acceder aos cursos de especialización de grao medio requirirase estar en posesión dunha das titulacións de técnico especificadas na normativa básica que establece o curso de especialización e os aspectos básicos do seu currículo.

.....

3. Non obstante o disposto no apartado anterior, as administracións competentes poderán prever, en caso de dispoñibilidade de prazas, o acceso de persoas que non contén cos títulos requiridos, e poderán admitir ata un máximo do 20 % das prazas, as persoas que cumpran os requisitos seguintes enumerados por orde de prelación:

a) Persoas que, contando cun título de técnico ou técnico superior de formación profesional diferente aos que dean acceso ao curso de especialización de que se trate, acrediten experiencia na área profesional asociada ao devandito curso.

b) Persoas que, contando cun título de técnico ou técnico superior de formación Profesional diferente aos que dean acceso ao curso de especialización de que se trate, acrediten coñecementos previos adecuados mediante unha proba de capacidade, unha entrevista persoal, unha solicitude de motivación de ingreso, o seu currículo ou a súa experiencia laboral.

c) Persoas que non dispoñan dun título de técnico de formación profesional e que poidan acreditar coñecementos previos que garantan a súa competencia para seguir con éxito o curso de especialización, mediante unha proba de capacidade, unha entrevista persoal, o seu currículo ou a súa experiencia laboral. **Neste suposto, estas persoas poderán realizar o curso de especialización, e obterán unha certificación académica de asistencia con aproveitamento que substituirá ao título de Especialista, que non poderá obterse sen unha titulación previa de Técnico de Formación Profesional.**

Artigo 121. Acceso a cursos de especialización de **grao superior**.

1. Para acceder aos cursos de especialización de grao superior requirirase estar en posesión dun dos títulos de Técnico Superior especificados na disposición de establecemento do curso de especialización e os aspectos básicos do seu currículo.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, as administracións competentes poderán contemplar o acceso de persoas que non contan cos títulos requiridos, podendo admitir, en caso de contar con dispoñibilidade de prazas a persoas que cumpran os requisitos, enumerados por orde de prelación, seguintes:

a) Persoas que contan cun título de técnico superior de formación profesional diferente dos que dean acceso ao curso de especialización de que se trate e acrediten a súa experiencia na área profesional asociada ao devandito curso.

b) Persoas que contan cun título de técnico superior de formación profesional diferente aos que dean acceso e que poidan acreditar os seus coñecementos previos mediante unha proba de capacidade, unha entrevista persoal, unha solicitude de motivación de ingreso, o seu currículo ou a súa experiencia laboral.

c) Persoas que, non contando cun dos títulos de técnico superior de formación profesional, acrediten coñecementos previos adecuados mediante fórmulas que garantan a súa competencia para seguir con éxito o curso, como entre outras, unha proba de capacidade, unha entrevista persoal, o seu currículo, ou a súa experiencia laboral.

As persoas ás que se refire o parágrafo anterior poderán realizar o curso de especialización, e obterán unha certificación académica de asistencia con aproveitamento en substitución do título de máster de Formación Profesional, que só poderá outorgarse a quen conte cun título de técnico superior de formación profesional."

Polo tanto, naqueles cursos de especialización que dispoñan de prazas vacantes para o curso 2023-2024, poderanse incorporar persoas que non posúan algunha das titulacións de técnico ou de técnico superior requiridas no real decreto polo que se establece cada unha destas ensinanzas, tendo en conta que:

- **Nos cursos de especialización de grao medio**, para un grupo de vinte prazas o número de persoas que poden ser admitidas nestas circunstancias é de catro (4).
- **Nos cursos de especialización de grao superior** non hai un número limitado de persoas que poden ser admitidas nestas circunstancias.

- As persoas que sexan admitidas nun curso de especialización de grao medio sen contar cun título de técnico ou nun curso de especialización de grao superior sen contar cun título de técnico superior (artigo 120.3 apartado "c" e artigo 121.2 apartado "c" do Real decreto 659/2023) deberán ser informados de que obterán unha certificación académica en substitución do título correspondente.

3 Procedemento de matrícula en cursos de especialización con prazas vacantes

Para matricularse nun curso de especialización con prazas dispoñibles (liberadas) a única condición é cumprir algún dos requisitos de acceso para o curso correspondente segundo o establecido no Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

A matrícula en calquera curso de especialización con prazas vacantes implica a renuncia a continuar no proceso de admisión de formación profesional e polo tanto a participar nas seguintes adxudicacións de prazas de calquera réxime, modalidade e grao.

As persoas interesadas deberán formalizar a matrícula no centro educativo no que o curso de especialización teña prazas dispoñibles. A matrícula realizarase no propio centro por orde de chegada empregando o modelo dispoñible en <http://www.edu.xunta.gal/fp/admision-cursos-especializacion-2023-2024>